



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)**



## **ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN COLOMBÓFILA GALEGA CELEBRADA EN SANTIAGO O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2017.**

Na Cidade de Santiago de Compostela, sendo as Dez horas e Vinte minutos do día Once de Outubro do ano dous mil dezasete, baixo a presidencia de D. Eliseo Castro López, presidente da Federación Colombófila Galega e actuando como Secretario D. Manuel Rey San Luis, reúnese en segunda convocatoria a Asemblea Xeral Ordinaria, asistindo os membros que a continuación se relacionan:

### **PRESIDENTE:**

D. Eliseo Castro López

### **TESOUREIRO:**

D. José R. Costas Carbajal

### **ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. MANUEL A. FERNÁNDEZ MALLO (CIRCULO COLOMBÓFILO HERCULINO) Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. Julio Alfonso Paz Ruiz  
D. CARLOS GARCÍA BALBOA (POMBAS DO SALNÉS)  
D. JOSÉ C. CASTRO PORTA (U.C.M. MARIÑAS ALTAS)  
D. ANTONIO CAMILO PEREIRO FRANCÉS (POMBAS DO VAL MIÑOR)  
D. ENRIQUE FREIRE SOBRAL (C.C. RIA DE PONTEVEDRA)  
D. ANGEL RIVEIRO OLIVEIRA (C.C. ALAS COMPOSTELANAS)  
D. ALFONSO M. POZACO GONZALEZ (C.C. PORRIÑO)  
D. JAIME MANTEIGA PÉREZ (M. DE CAMBRE)  
D. JOSÉ M. MACIEL COMESAÑA (P.M. DE NIGRÁN)  
D. LOIS SEIJO CASTRO (S.C. LUCENSE)  
D. DAVID RODRIGUEZ ROMERO (P. MENSAJERAS VIGO) Delegou a súa asistencia nesta persoa o Sr. Presidente D. José R. González Bosco

### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. ALBERTO RICO RODRÍGUEZ  
D. DAVID MUIÑOS GARCÍA

### **ESTAMENTO DE XUICES:**

D. PEDRO BECERRA GONZÁLEZ

Excusan a súa asistencia:

### **ESTAMENTO DE CLUBS:**

D. RAMÓN IGLESIAS FERNÁNDEZ (POMBAS DAS MARIÑAS)

### **ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:**

D. OSCAR MARTINEZ MAÑANA  
D. ROGELIO NOGUEIRA PORTAS  
D. JUAN A. INSUA PÉREZ



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)**



Esta reunión axústase ó seguinte **Orden do día:**

*1º.- Lectura e aprobación si procede da Acta da Asemblea anterior.*

*2.- Coñecemento do balance económico ao 31/10/2017, proxección do peche do exercicio económico ao 31-12-2017(coa modificación orzamentaria que presupón o adianto da exposición anual o Nadal/2017, aprobada en C.Delegada).*

*3.- Orzamento económico para o ano 2018 (Ano electoral)*

*4.- Aprobación dos resultados campaña deportiva 2017.*

*5.- Calendario e Regulamento deportivo 2018: - Plan de voos F.C.G. acordado en reunión Comisión Delegada ó 7/10/2017.*

*6.- Varios: Debate, no seu caso, das posibles propostas/temas presentadas en tempo e forma para esta A.Xeral, non valoradas nos puntos anteriores.*

*7.- Exposición nacional 2018, (Avilés), data 11-14 de Xaneiro*

*8.- “LI” exposición da pomba mensaxeira da F.C.G. (Organizada polo club Val Miñor) –Ratificación da data da mesma para os días 16 e 17 de Nadal aprobada pola Comisión Delegada en reunión do pasado 7/10/2017.*

*9.- Vacinas Newcastle/viruela vindeira campaña deportiva*

*10.- Mantemento do programa informático coloms 2018. (Informe das alternativas que se barallan.)*

*11.- Proposta RFCE para un curso de xuíces sociais e autonómicos: Informe da situación e acordos da C.Delegada do 7/10/2017. (posibilidade compaxinar coas datas da exposición...)*

*12.- Rogos e Preguntas*



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com**



**1º.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Dáse lectura por parte do Sr. Secretario á Acta da sesión anterior, sendo aprobada por unanimidade.

**2.- .- COÑECEMENTO DO BALANCE ECONÓMICO AO 31/10/2017, PROYECCIÓN DO PECHE DO EXERCICIO ECONÓMICO AO 31-12-2017(COA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA QUE PRESUPÓN O ADIANTO DA EXPOSICIÓN ANUAL O NADAL/2017, APROBADA EN C.DELEGADA).-**

Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao balance económico ao 31 de Outubro de 2017 así como ao avance do peche do exercicio económico para o 31-12-2017 no cal está incluído a estimación orzamentaria correspondente aos gastos da exposición que se deberá adiantar a este ano sendo ditos gastos: 1200.- € (gastos da exposición) e 2.200.- € (gastos de trofeos), sendo aprobado este punto por unanimidade.

Aprobase nesta reunión a cantidade de 10.885,37.- € (Dez mil Oitocentos Oitenta e cinco euros con trinta e sete céntimos) para a subvención dos voos aos clubs correspondente a esta campaña deportiva 2017.

PREVISION CTA RESULTADOS AL 31-12-17 (EN 31-10-17) FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA			
	a 31-10-17	Pendiente	TOTAL
<b>INGRESOS</b>			
<b>VENTAS MATERIAL DEPORTIVO</b>			<b>20.410,82 €</b>
Anillas nido	14.050,00 €		
Anillas Rossor	102,80 €		
Chips	4.971,70 €		
Vacuna hiprapox	9,20 €		
Precintos RFCE	387,12 €		
<b>LICENCIAS FEDERATIVAS</b>			<b>5.042,62 €</b>
Licencias emitidas por FCG	5.042,62 €		
<b>SUBVENCIONES</b>			<b>6.444,90 €</b>
Xunta de Galicia	6.444,90 €		
<b>OTROS INGRESOS DE GESTION</b>			<b>31.377,81 €</b>
Aportaciones Clubs gasto transporte palomas	31.101,06 €		
Anillas nido otras federaciones	276,75 €		
<b>EXISTENCIAS FINALES A 31-10-17</b>			<b>957,35 €</b>
Anillas Rossor	0	- €	
Llaves Benzling	1	31,41 €	
Cable adaptador Benzling 50 cm	2	31,41 €	
Cable 10 m	1	18,63 €	
Antena Club Benzling	1	62,50 €	
Radio Reloj	1	74,00 €	
Cartillas sanitarias	04	134,40 €	
Vacuna Hiprapox	0	- €	
Pegatinas Cestas	000	605,00 €	
<b>TOTAL INGRESOS</b>			<b>64.233,50 €</b>
<b>A DEDUCIR</b>			
<b>EXISTENCIAS INICIALES A 01-01-17</b>			<b>1.016,55 €</b>
Anillas Rossor	000	59,20 €	
Llaves Benzling	1	31,41 €	
Cable adaptador Benzling 50 cm	2	31,41 €	
Cable 10 m	1	18,63 €	
Antena Club Benzling	1	62,50 €	
Radio Reloj	1	74,00 €	
Cartillas sanitarias	04	134,40 €	
Vacuna Hiprapox/5	0	- €	
Pegatinas Cestas	000	605,00 €	
<b>COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO</b>			<b>9.263,65 €</b>
Anillas nido		3.843,18 €	
Anillas Rossor		152,09 €	
Chips		4.861,26 €	
Precintos RFCE		387,12 €	



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: Secretariafcalega@gmail.com**

<b>GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>			Pendiente	<b>46.067,30 €</b>
Trofeos		1.190,09 €		
Transporte Palomas		31.100,02 €		
Exposicion Regional		2.183,24 €		
Exposicion Nacional		113,28 €		
Plenso para Suelas		117,60 €		
Impresion licencias Deportivas		277,70 €		
Mantenimiento Inform. Programas Deportivos		200,00 €		
Servicios veterinarios		- €		
Subvenc. curso jueces sociales y autonómicos				
Subvenciones Concursos Regionales			10.885,37 €	
<b>GASTOS REPRESENTACION</b>				<b>4.490,15 €</b>
Juntas Directivas		280,15 €	185,00 €	
Asambleas			425,00 €	
Desplazamientos Secretario		3.000,00 €	600,00 €	
<b>SERVICIOS VARIOS</b>				<b>1.172,59 €</b>
Comunicaciones		68,84 €	70,00 €	
Material Oficina		174,07 €	95,00 €	
Portes Varios		14,20 €	20,00 €	
Gastos Varios		19,93 €	50,00 €	
Mantenimiento Progamas				
Alquileres		360,00 €	120,00 €	
Conservación inmovilizado		154,55 €		
Dominio Pagina Web		26,00 €	- €	
<b>SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES</b>				<b>423,50 €</b>
Asesores externos.			423,50 €	
<b>GASTOS FINANCIEROS</b>				<b>251,06 €</b>
Comisiones Bancarias.		161,06 €	90,00 €	
<b>TOTAL GASTOS.</b>				<b>62.684,80 €</b>

**RESUMEN:**

INGRESOS ----->	64.233,50 €
GASTOS / AMORTIZACIONES----->	- 49.720,93 €
GASTOS PENDIENTES ----->	- 12.963,87 €
BENEFICIO ----->	1.548,70 €

**3.- ORZAMENTO ECONÓMICO PARA O ANO 2018 (ANO ELECTORAL).-** Dáse lectura por parte do Sr. Tesoureiro ao Orzamento económico para o ano 2018 aprobándose por unanimidade.

Toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento dos membros asistentes que o vindeiro ano é ano electoral.

Cadro do orzamento económico para o ano 2018:



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com**



**FEDERACION COLOMBOFILA GALLEGA PRESUPUESTO ECONOMICO AÑO 2018**

<b>INGRESOS</b>		
	<b>VENTAS MATERIAL DEPORTIVO</b>	<b>13.875,00 €</b>
Anillas Nido (18500)	13.875,00 €	
	<b>LICENCIAS FEDERATIVAS</b>	<b>5.042,64 €</b>
Licencias emitidas por FCG	5.042,64 €	
	<b>SUBVENCIONES</b>	<b>5.800,41 €</b>
Xunta de Galicia	5.800,41 €	
	<b>OTROS INGRESOS DE GESTION</b>	<b>32.000,00 €</b>
Aportaciones Clubs gasto transporte palomas	32.000,00 €	
Anillas nido otras federaciones	- €	
	<b>INGRESOS</b>	<b>56.718,05 €</b>
<b>A DEDUCIR</b>		
	<b>COMPRAS MATERIAL DEPORTIVO</b>	<b>3.590,85 €</b>
Anillas Nido (18500)	3.590,85 €	
	<b>GASTOS ACTIVIDADES DEPORTIVAS</b>	<b>45.662,70 €</b>
Trofeos	1.200,00 €	
Transporte Palomas	32.000,00 €	
Exposicion Regional	2.200,00 €	
Exposicion Nacional	150,00 €	
Pienso para Sueltas	150,00 €	
Impresión licencias Deportivas	277,70 €	
Mantenimiento inform. Programas Deportivos	200,00 €	
Servicios veterinarios	- €	
Subvenciones Concursos Regionales	9.485,00 €	
	<b>GASTOS REPRESENTACION</b>	<b>5.200,00 €</b>
Juntas Directivas	450,00 €	
Asambleas	1.150,00 €	
Comisión Deportiva	- €	
Desplazamientos Secretario	3.600,00 €	
	<b>SERVICIOS VARIOS</b>	<b>1.581,00 €</b>
Comunicaciones	300,00 €	
Material Oficina	400,00 €	
Portes Varios	100,00 €	
Gastos Varios	125,00 €	
Mantenimiento Progamas	- €	
Alquileres	480,00 €	
Conservación inmovilizado	150,00 €	
Dominio Pagina Web	26,00 €	
	<b>SERVICIOS PROFESIONALES INDEPENDIENTES</b>	<b>423,50 €</b>
Asesores externos.	423,50 €	
	<b>GASTOS FINANCIEROS</b>	<b>260,00 €</b>
Comisiones Bancarias.	260,00 €	
	<b>TOTAL GASTOS / AMORTIZACIONES</b>	<b>56.718,05 €</b>
		- €

**4.- .- APROBACIÓN SE PROCEDE DOS RESULTADOS CAMPAÑA DEPORTIVA 2017.-**

Apróbanse por unanimidade as clasificacións tanto provincias como os campionatos galegos correspondentes a este ano 2017.



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: Secretariafcgalega@gmail.com**



## 5.- CALENDARIO E REGULAMENTO DEPORTIVO 2018: - PLAN DE VOOS F.C.G. ACORDADO EN REUNIÓN COMISIÓN DELEGADA Ó 7/10/2017. .-

Ábrese unha rolda de opinións por parte de todos os asistentes en relación co plan de voos presentado pola FCG aprobado na Comisión delegada do pasado día 07-10-2017, sen ter recibido ningún outro plan de voos para ser debatido para a vindeira campaña deportiva 2018.

Unha vez rematada a intervención de todos os asistentes, hai varios membros que están interesados en soltar conxuntamente nas soltas de Fondo e Gran Fondo, polo que se procede á votación de voar en conxunto ou continuar como se estaba.

O resultado da votación é o seguinte:

Votos a favor de voar conxuntamente: 10

Votos en contra de voar conxuntamente: 1

Abstencións: 3

**Queda aprobado para a vindeira tempada deportiva 2018 soltar conxuntamente nas soltas de Fondo e Gran Fondo, establecendo as clasificacións destes dous campionatos galegos pola velocidade acadada en cada unha das soltas que os compoñen, establecendo coeficiente único para toda Galicia, e manténdose os campionatos provinciais de Fondo e Gran Fondo como ata o de agora.**

Acórdase neste punto tamén que a quenda para o resto de soltas nas que se soltan separadas quedará como estaba: 1º a provincia de A Coruña, 2º a provincia de Pontevedra e 3º a provincia de Lugo.

O Regulamento Deportivo verase modificado nos puntos en que incumban os cambios establecidos no calendario deportivo.

## CALENDARIO 2018

F. Enceste	F. Suelta	Lugar	Kms.	Cptos. Reg.	Cptos. Nac.
03/03/2018	04/03/2018	Puebla de Sanabria	130/240	V/S.C./M	
10/03/2018	11/03/2018	Benavente I	160/280	V/S.C./M	
17/03/2018	18/03/2018	Tordesillas I	230/350	V/S.C./M	
24/03/2018	25/03/2018	Puebla de Sanabria	130/240	V/S.C./M	EXTRERAMAMENTO
31/03/2018	01/04/2018	Tordesillas II	230/350	M.F./S.C./M	C.E.M.F
07/04/2018	08/04/2018	Villacastín	380/420	M.F./S.C./M	C.E.M.F
14/04/2018	15/04/2018	Villacastín	380/420	M.F./S.C./M	C.E.P.J.
20/04/2018	21/04/2018	Benavente II	160/280	M.D./S.C.	
20/04/2018	22/04/2018	Almazan I	425/560	F/S.L./M.	
		<b>DESCANSO</b>			
04/05/2018	05/05/2018	Tordesillas III	230/350	M.D./S.C.	
04/05/2018	06/05/2018	Alcazar de San Juan	570/620	F/S.L./M.	C.E.F.
		<b>DESCANSO</b>			
18/05/2018	20/05/2018	Almazan II	425/560	M.D./S.C.	C.E.P.J.
18/05/2018	20/05/2018	Zaragoza	550/655	F/S.L./M.	C.E.F.
		<b>DESCANSO</b>			
		<b>DESCANSO</b>			
05/06/2018	08/06/2018	Valencia	670/800	G.F./S.L./M.	C.E.G.F.
		<b>DESCANSO</b>			
		<b>DESCANSO</b>			
		<b>DESCANSO</b>			
03/07/2018	06/07/2018	Lloret de Mar	860/980	G.F./S.L./M.	C.E.G.F.



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)**



**6.- VARIOS: DEBATE, NO SEU CASO, DAS POSIBLES PROPOSTAS/TEMAS PRESENTADAS EN TEMPO E FORMA PARA ESTA A.XERAL, NON VALORADAS NOS PUNTOS ANTERIORES.**

Toma a palabra o Sr. Camilo Pereiro para expoñer a todos os membros asistentes o estudo comparativo que fixo dos custos do transporte e o que se lle cobra a cada club tal e como se fai ata o de agora e de cómo quedaría si cobrásese por pomba.

Lévase a cabo unha votación para establecer o cobro a cada club dos gastos do transporte, quedando da seguinte maneira:

Cobro por pomba: 9 votos

Cobro por cesta: 1 voto

Tal e como se estaba cobrando: 2 votos

Abstencións: 2 votos

Queda aprobado a forma de cobro aos clubs correspondente aos gastos de transporte polo total das pombas comunicadas en cada unha das soltas que compoñen os distintos campionatos, establecéndose un prezo inicial que se lle comunicará a cada club antes de que comece o campionato, tendo como referencia os custes totais da pasada campaña deportiva, regularizándose o prezo definitivo ao final da campaña deportiva. O cobro a cada club destes gastos realizarase ao final de cada fase, debendo ser abonados por parte dos clubs antes do fin da seguinte fase, para poder seguir en competición.

A continuación toma a palabra o Sr. Presidente para poñer en coñecemento de todos os asistentes o ofrecemento por parte de Don Angel Torre Iglesias dun trofeo a nivel particular, sendo aceptado polos membros desta Asemblea a inclusión da súa normativa na Adenda do Regulamento Deportivo para a vindeira campaña deportiva.

**7.- EXPOSICIÓN NACIONAL 2018, (AVILÉS), DATA 11-14 DE XANEIRO.-**

O Sr. Presidente pon en coñecemento dos membros asistentes que a vindeira Exposición Nacional celebrarase en Avilés entre os días 11 e 14 do vindeiro mes de Xaneiro-18.

**8.- “LI” EXPOSICIÓN DA POMBA MENSAXEIRA DA F.C.G. (ORGANIZADA POLO CLUB VAL MIÑOR) –RATIFICACIÓN DA DATA DA MESMA PARA OS DÍAS 16 E 17 DE NADAL APROBADA POLA COMISIÓN DELEGADA EN REUNIÓN DO PASADO 7/10/2017.**

Ponse en coñecemento dos membros asistentes que debido ás datas de celebración da Exposición Nacional ao estar estas tan perto das datas de Nadal e a imposibilidade por parte do club organizador de acadar datas e locais axeitados para a celebración da mesma, houbo que adiantar a data para os días 16 e 17 do próximo mes de Decembro.

Queda aprobada por unanimidade a celebración da Exposición Galega da Pomba Mensaxeira organizada polo club Pombas do Val Miñor para os días 16 e 17 de Decembro de 2017.

Asemade aprobase nesta reunión a comunicación escrita ao club Muralla de Lugo da organización da “LII” Exposición Galega da Pomba Mensaxeira.

**9.- VACINAS NEWCASTLE/VIRUELA PRÓXIMA CAMPAÑA.-**



**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)**



En canto a este punto o Sr. Presidente pon en coñecemento dos membros asistentes os trámites levados a cabo con Brigofarma para conseguir o total das vacinas “Colombovac” solicitadas polos clubs que estaban interesados neste produto, notificándonos que só conseguirá ó 84% destas vacinas, polo que haberá que completar o resto do pedido total coa Hipraviar.

Ponse de manifesto que o club Muralla de Lugo ao igual que o ano pasado non solicitou as vacinas para este ano, polo que terá que actuar do mesmo xeito en canto a presentación dun certificado veterinario de vacinación das pombas. Mantense a voluntariedade de vacinar contra a viruela, aínda que se recomenda firmemente.

#### **10.- MANTEMENTO DO PROGRAMA INFORMÁTICO COLOMS 2018. (INFORME DAS ALTERNATIVAS QUE SE BARALLAN.)**

Ponse en coñecemento dos membros asistentes dos trámites levados a cabo e das condicións de dúas referencias de programas informáticos que son a de Mariano Oliveira de Andalucía e o da Empresa Loft Ges 2008 de Portugal, pero debido ao escaso tempo que temos para a implantación de calquera dos dous sistemas informáticos habería que retomar este tema para o ano que ven, e implantar o sistema máis axeitado ao longo dese ano, acordándose nesta reunión seguir co programa actual de Vicente Prats, solicitándolle a renovación federativa para este ano 2018, deixando a renovación do mantemento de cada club a libre elección por parte destes.

Tamén se pon de manifesto que a RFCE parece estaba tratando de desenrolar un programa informático que puidera cederse gratuitamente as Federacións ou Delegacións Autonómicas de cara a homoxeneizar arquivos de clasificacións etc, aínda que, a día de hoxe, semellaba ter sufrido algún atranco momentáneo.

#### **11.- PROPOSTA RFCE PARA UN CURSO DE XUÍCES SOCIAIS E AUTONÓMICOS: INFORME DA SITUACIÓN E ACORDOS DA CO MISIÓN DELEGADA DO 7/10/2017. (POSIBILIDADE COMPAXINAR COAS DATAS DA EXPOSICIÓN...)-**

En canto a este punto, debido a que non hai o mínimo de participantes requerido pola RFCE para a celebración deste curso e que a maioría dos membros asistentes non está de acordo coa posibilidade de celebralo nas mesmas datas que a Exposición Galega, acordase pospoñer este tema para outras datas (Xaneiro ou Febreiro de 2018) e a celebrar en Santiago.

#### **12.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Póñense de manifesto os seguintes rogos:

- D. Camilo Pereiro (Pombas do Val Miñor) fai mención aos colombófilos que voan en Portugal e que non teñen licenza na nosa Federación, si a solicitan para o ano 2018 que paguen tamén a do ano 2017.





**FEDERACION COLOMBOFILA GALEGA**  
**Plaza de León, nº 1-1º D**  
**15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA**  
**☎ 605.115.366**  
**E.Mail: [Secretariafcgalega@gmail.com](mailto:Secretariafcgalega@gmail.com)**



Tamén se fixo mención a que se vira a posibilidade, por parte da Comisión Deportiva, de enviar un convoyer nas soltas de Fondo e Gran Fondo, si se acadara a persoa adecuada, sen custes nin riscos engadidos para a Federación.

E sen máis asuntos que tratar, levantase a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do día da data.

Asdo: Eliseo Castro López  
- Presidente -

Asdo. Manuel Rey San Luis  
- Secretario –